

ANUNCIO DE LICITACION DO SERVIZO DE PROGRAMA LÚDICO-EDUCATIVO DE APERTURA DE CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS FÓRA DO HORARIO LECTIVO, POR PROCEDIMENTO ABERTO, TRÁMITE DE URXENCIA CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

OBXECTO DO CONTRATO

A finalidade do contrato xustifícase pola necesidade da conciliación da vida familiar e laboral dos veciños e veciñas de Silleda así como á educación e practica do deporte no tempo de lecer en horario extraescolar para os nenos de educación infantil e primaria do Concello.

PRAZO DE DURACIÓN

Un ano e comezará durante o mes de setembro de 2014 (data de comezo do curso escolar, 10 de setembro) a setembro de 2015 (10 de setembro previsiblemente), ambos inclusive, de luns a venres, agás festivos e non lectivos.

ORZAMENTO DE LICITACIÓN E VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

O importe do presente contrato ascende á contía de a 35.000 euros, exentos de IVE. O importe aboarase con cargo á aplicación orzamentaria 324.22799 do vixente orzamento municipal; reservándose a tal efecto 10.694,42 euros para o exercizo de 2014 e comprometéndose o restante crédito, 24.305,58 euros para o exercizo 2015.

PROPOSICIÓNS: os licitadores poderán presentar proposicións no Rexistro Xeral do Concello dentro do prazo de 8 días naturais, a contar desde o día seguinte á data de publicación deste anuncio no Perfil do Contratante, onde tamén se publicarán as Bases e demais trámites do proceso de contratación.

DOCUMENTACIÓN E INFORMACIÓN: Perfil do Contratante, onde se publican os Pregos e as restantes actuacións desta contratación e na Secretaría Municipal.

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN: os sinalados no prego de cláusulas administrativas.

GARANTÍA PROVISIONAL: non se esixe. Garantía definitiva: o 5% de prezo anual de adxudicación, IVE excluído.

GASTOS DE ANUNCIOS: o gasto derivado das publicacións desta licitación será por conta do adxudicatario.

Outras informacións: véxase o prego de cláusulas administrativas.

SILLEDA, 7 de Agosto de 2014.

O ALCALDE

Asdo.: Manuel Cuña Fernandez